

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA CORPORACIÓN MUNICIPAL EN PLENO DESTE CONCELLO O DÍA NOVE DE XUÑO DO DOUS MIL VINTE: -----

EXPTE. NÚM. 2020003208

PRESIDENTE: Telmo Martín González

CONCELLEIROS/AS:

**Juan Antonio Deza Otero
María Paz Lago Martínez
Daniel Arosa Dasilva
María Deza Martínez
Marcos Guisasola Padín
Flavia Besada Otero
Oscar Vilar Sartages
Jaime Leiro Otero
Paula Martínez Santos
Ainhoa Fervenza Celestino
Marta Caneda Prieto
Fernando Otero Montes
Sandra Fernández Agraso
Andrea Ucha Bouzada
Yago Torres Pérez
Vanessa Rodríguez Búa**

INTERVENTOR:

José Juan Vidal Vilanova

SECRETARIO:

Angel Luis López Pita
=====

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Sanxenxo, sendo as trece horas e tres minutos do día nove de xuño de dous mil vinte, **baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, TELMO MARTÍN GONZÁLEZ**, reuníronse os/as Sres./as. concelleiros/as que ao marxe se relacionan co fin de celebrar a sesión extraordinaria da Corporación Municipal en Pleno deste Concello, convocada para o día de hoxe en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión.----



UNICO: EXPTE. NÚM. 2020002865: PROPOSTA DA ALCALDÍA “XESTIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE SANXENXO”. O Sr. Secretario dá conta da proposta da alcaldía, de data 04 de xuño de 2020, que a continuación se transcribe literalmente:

“Expediente electrónico nº 2020002865 (ref. Nº 12/2020)

Asunto: Xestión do servizo de axuda no fogar do Concello de Sanxenxo

PROPOSTA DA ALCALDIA

O Servizo de Axuda no Fogar (en diante SAF) forma parte do núcleo de servizos sociais básicos que prestan os concellos e desde a súa instauración veuse desenvolvendo neste concello a través de xestión directa, pero a súa progresiva ampliación do seu ámbito de actuación require un esforzo de adaptación a efectos de conseguir a mellor eficiencia posible chegando a un maior número de usuarios, polo que para escoller a mellor modalidade de xestión, solicitouse un informe dos servizos sociais ao respecto, emitido o 10 de marzo de 2020, tendo como antecedente o emitido ao respecto pola traballadora social o 23 de xaneiro de 2020. No informe de marzo conclúese que:

“A data de hoxe esta necesidade de cambio xustifícase na insuficiencia parcial de medios e na necesidade de optimizar os recursos para garantir a prestación dun servizo de calidade”, engadindo o seguinte.

A insuficiencia parcial de medios repercute directamente na imposibilidade de prestar a totalidade das horas concedidas pola Xunta de Galicia para SAF Dependencia (incrementadas no mes de decembro de 2019), así coma de garantir a atención a aquelas persoas que se atopan en lista de agarda e que tendo recoñecido o dereito a acceder ao servizo e non se lles está a prestar.

A necesidade de optimizar os recursos para garantir a realización do obrigado seguimento bimestral (regulado na Orde de 22 de Xaneiro de 2009) que non se pode realizar dende o mes de maio de 2019, así coma a supervisión das atencións que se prestan o que reverte directamente na calidade do SAF.

Tendo en conta o anteriormente exposto, valórase procedente e xustificado o cambio de xestión do Servizo de Axuda no Fogar a unha xestión indirecta do mesmo a través do sistema de concesión de servizo, de cara a garantir unha prestación de calidade as persoas usuarias (fundamentalmente persoas maiores con déficits de autonomía e persoas con discapacidade) que teñen recoñecido o dereito ao servizo, xa que se trata dun servizo básico de carácter esencial”

A vista do sinalado, tendo en conta o informe de Secretaría emitido o 26 de maio de 2020 en senso favorable a viabilidade xurídica da elección desta modalidade de xestión do servizo e a fiscalización do interventor xeral de data 04 de xuño de 2020 no que indica no punto 7º que a proposta da alcaldía adáptase á legalidade vixente e na súa conclusión que “nada se debe obxectar á legalidade de que a alcaldía propoña ao pleno da corporación á modalidade que estime mais doada para a xestión dun servizo público”, é polo que se propón que este servizo se



xestione mediante concesión, considerada no artigo 284.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, como unha posibilidade de xestión dos servizos, ao igual que no art. 85.2.B), da Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e no artigo 114 do Decreto do 17 de xuño de 1.955, polo que se aprobou o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.

Tamén, como se sinala no Informe de Secretaría do 26 de maio de 2020, é necesario definir o ámbito xurídico no que se vai a desenvolver a concesión do servizo, tal e como sinala o art. 284.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e, nese sentido, xa se cita no referido informe a normativa de ámbito estatal, reguladora fundamentalmente do ámbito contractual e, sobre todo, autonómico, no que afecta ao núcleo definitorio das condicións da prestación do servizo, que será de aplicación, así como a regulación propia de nivel municipal, que comprende unha ordenanza específica deste servizo, o que completa un conxunto normativo adecuado para a súa prestación, polo que non é necesario unha normativa complementaria nova sobre o seu desenvolvemento, tal e como se indica no informe dos Servizos Sociais.

En base ao anterior, propoño ao pleno da corporación a adopción do seguinte acordo:

1º) Determinar que a xestión do SAF do Concello de Sanxenxo se preste mediante concesión de servizos, para o que se tramitará o expediente de contratación que proceda polo Pleno do Concello de Sanxenxo, a quen lle corresponde competencialmente, tal e como se sinala no informe de Secretaría de data 26 de maio de 2020, manténdose a forma actual de xestión directa ata a sinatura do correspondente contrato de concesión de servizos.

2º) Aos efectos sinalados no art. 284.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, o réxime xurídico da Concesión do SAF do Concello de Sanxenxo queda definido, á parte do sinalado na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás Persoas en situación de Dependencia, pola extensa regulación normativa da Xunta de Galicia, entre a que destaca a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia, o Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os Servizos Sociais Comunitarios e o seu Financiamento, o Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a Carteira de Servizos Sociais para a Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás Persoas en Situación de Dependencia e se determina o Sistema de Participación das Persoas Usuarias no Financiamento do seu Custo e, finalmente, a Orde do 22 de Xaneiro de 2009 da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da Xunta de Galicia, pola que se regula o Servizo de Axuda no Fogar. Desde o punto de vista municipal a regulación do servizo realízase a través da “Ordenanza Municipal do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Sanxenxo”, que entrou en vigor coa súa redacción actual o 1 de maio de 2014. Finalmente e, desde o referente ao ámbito contractual, o réxime xurídico comprende a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, o Real Decreto 1098/01, do 12 de outubro, polo que se aprobou o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, o Real Decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolveu parcialmente a Lei de Contratos do Sector Público e o Decreto do 17 de xuño de 1.955, polo que se aprobou o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.”

O **Sr. Secretario** toma a palabra para indicar que, ao non estar ditaminado este asunto na comisión informativa correspondente, cómpre votar a ratificación da inclusión do mesmo na orde do día.



A continuación, o **Sr. Presidente** someteu o votación a ratificación da inclusión deste asunto dentro da orde do día, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 10 (Grupo Municipal do Partido Popular).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 7 (Grupo Municipal do PS de G-PSOE, Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e Grupo Municipal Mixto).

En consecuencia, pola **maioría absoluta dos seus membros de dereito, o Pleno da Corporación acordou a ratificación da inclusión deste asunto na orde do día.**

Sendo as trece horas e dezasete minutos, por parte da **presidencia** procedeuse a ordenar a expulsión dun asistente a esta sesión plenaria, despois de que durante varios minutos, mediante a formulación de expresións en voz alta, impedise o desenvolvemento ordinario da sesión.

O **Sr. Arosa Dasilva, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular**, indicou: que o SAF arrastra problemas desde fai anos, por citar un, nestes momentos, 45 familias están actualmente en lista de espera, xa que a demanda do servizo crece, cada vez hai mais persoas maiores que viven mais anos, o cal celebramos todos, por esta razón e por outras moitas das que falaremos, queremos que o SAF sexa xestionado por unha empresa especializada, despois de valorar todos os informes da coordinadora do servizo, as actas de inspección da Consellería de Política Social e tendo en conta a auditoría do servizo que fixo a empresa externa contratada pola miña compañeira no 2017, Silvia Freire. Pese a que ela conseguiu corrixir as deficiencias e reducir ao mínimo a lista de espera, a finais do 2019 o servizo volveu a desbordarse pola alta demanda de solicitudes, chegando a conclusión de que o concello xa non ten a capacidade para garantir o servizo coa calidade e a cobertura que demandan as familias, entendendo que a mellor solución é que unha empresa especializada se faga cargo do servizo, puntualizando que o proxecto que vamos a licitar vai permitir aumentar das 26.912 horas anuais. que estamos a prestar actualmente, a 52.728 horas anuais, se agora prestamos servizo a 60 familias de Sanxenxo, queremos ter a capacidade de atender ao dobre, 120 familias, o que supón un incremento moi importante do gasto, agora é de 556.142 € e o aumentaremos ata 1.135.916 €, unha parte desta cantidade a aporta a Xunta, un 45%, outro 40% o concello e outro 15% as persoas dependentes que necesitan o servizo. Proseguiu dicindo que, desde que tiveron coñecemento das nosas intencións de modificar o servizo, estiveron intentado enganar a opinión pública con bulos da falsa privatización, xa que neste país non se pode privatizar un servizo, porque non existe respaldo legal a semellante posibilidade, o que permite a Lei de Contratos do Sector Público é delegar a xestión nunha empresa, esta figura chámase xestión indirecta, por certo, lei recentemente adaptada, no 2017, as directrices europeas. A titularidade e control do SAF seguirá en mans do concello e este concelleiro, xunto coa coordinadora, estaremos pendentes os 365 días do ano, para que a concesionaria preste un servizo de garantía e calidade. A continuación formulou unhas preguntas á oposición: ¿Como se xestionan o servizos de auga, lixo,



saneamento, garderías, centro de día, nos concellos onde gobernan os seus partidos?, ¿Hai algún destes servizos que acabo de nomear, que non se xestione de maneira indirecta na capital da provincia de Pontevedra, que está gobernada en coalición polo BNG e PSOE? En Vigo, onde goberna o gran Abel Caballero, ¿Hai algún destes servizos ou outros que preste ese concello, que non se xestione de forma indirecta? Non hai mais formulas, cando os servizos municipais fanse máis complexos requiren de empresas especializadas, estamos moi orgullosos de chegar ata aquí e de haber sido capaces de atender a 50 ou 60 familias, pero chega un momento, cando a demanda achega as 100 familias, que non temos capacidade para prestar un servizo de calidade. De seguido aludiu a que a oposición quedou nos anos 80, cando a esquerda levantou a bandeira da suposta privatización e o tempo demostrou que, agora mesmo, en España non hai ningún alcalde de esquerdas que non goberne sen prestar servizos con xestión indirecta. Tamén dixo que había 25 traballadoras no SAF é que ningunha teña a menor dúbida de que vamos a preocuparnos de que se respecten todos os seus dereitos laborais e, polo tanto, se así o queren, se incorporen a empresa concesionaria do servizo, como xa ocorreu en anteriores concesións, como a recollida do lixo, fai 20 anos e aínda queda unha persoa que formaba parte da plantilla municipal nela, persoal das gardarías e outros servizos, entendendo perfectamente a inxerencia que poida ter o persoal deste servizo por un cambio tan importante, precisando que este goberno, aos poucos meses de tomar posesión, aprobou os orzamentos, que incluían a subida de 130 euros a cada unha das traballadoras do servizo. Máis alá de debates nominativos e Ideolóxicos, o verdadeiramente importante é que a xestión indirecta por unha empresa profesionalizada e especializada na prestación deste servizo, vai garantir a atención de toda a persoa dependente que o solicite, lembrando que o alcalde, no mes de xaneiro, nun pleno, recoñeceu que estábamos moi preocupados, porque había vinte e poucas persoas en lista de garda e. agora mesmo, xa son 45 persoas e, como non é posible chegar a tantos veciños coa capacidade que ten o concello, é polo que queremos contar co apoio dunha empresa especializada. O interveniente rematou dicindo que estamos ao inicio da lexislatura e o tempo dará ou quitará a razón, se como vostedes din isto é un erro, pagarémolo politicamente falando, pero se é un acerto, esperemos que vostedes, no futuro, teñan un pouquiño de paciencia e non se apunten ao catastrofismo cando este goberno decida cambiar un servizo, estando convencidos de que vai ser a solución definitiva para as 60 familias que están recibindo o servizo, para as 45 que están en lista de agarda e para as familias que nun futuro tamén demanden o servizo.

A Sra. Rodríguez Búa, voceira do Grupo Municipal Mixto, sinalou que a oposición, as traballadoras e traballadores afectados e os veciños de Sanxenxo, levamos tres meses esperando para debater sobre a conveniencia de privatizar o servizo de Axuda ao Fogar e, agora, convócase un pleno, sorprendentemente, para aprobar esta medida, sen posibilidade de debate previo, polo que decidimos non participar nesta burla democrática e reservarnos para o único pleno que debeu convocarse hoxe en relación con esta cuestión, que, desde logo, non é este.

O Sr. Torres Pérez, concelleiro do Grupo Municipal Mixto, dixo que publicamente acaban de dicir que non saben xestionar, cando sempre presumiron de xestión, xa que o mesmo que fai unha empresa, tiñades que facelo vós, se a empresa vai buscar persoal cualificado, vos podeades facelo tamén. O interveniente engade que non hai moito que



discutir, porque este servizo xa está privatizado, xa que as maiorías absolutas son boas para unha cousa, pero para outras non e depende quen as teña. A privatización dos servizos públicos sempre supón un incremento no custo, que a van a pagar os veciños ou as familias afectadas, como mínimo, un 20 ou 25% mais do que se está a pagar agora, porque a empresa, loxicamente, ven para gañar cartos, lembrando o que dicían na campaña, “traballo e resultados” e explique a estas traballadoras o resultado que lles vai dar o traballo que fan. Desde SAL só vai pedir, como o servizo xa está privatizado, que, polo menos, no prego de condicións, se fagan constar as demandas das traballadoras, que se contrate a todas, que ningunha perda o seu posto de traballo e que se cumpra o que elas piden, lembrando que, a quen coidan as traballadoras, é aos nosos veciños, aos nosos avós e aos nosos pais.

A Sra. Fernández Agraso, voceira do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, , sinalou que a oposición, as traballadoras e traballadores afectados e os veciños de Sanxenxo, levamos tres meses esperando para debater sobre a conveniencia de privatizar o servizo de Axuda ao Fogar e, agora, convócase un pleno, sorprendentemente, para aprobar esta medida, sen posibilidade de debate previo, polo que decidimos non participar nesta burla democrática e reservarnos para o único pleno que debeu convocarse hoxe en relación con esta cuestión, que, desde logo, non é este.

A Sra. Fervenza Celestino, voceira do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, sinalou que a oposición, as traballadoras e traballadores afectados e os veciños de Sanxenxo, levamos tres meses esperando para debater sobre a conveniencia de privatizar o servizo de Axuda ao Fogar e, agora, convócase un pleno, sorprendentemente, para aprobar esta medida, sen posibilidade de debate previo, polo que decidimos non participar nesta burla democrática e reservarnos para o único pleno que debeu convocarse hoxe en relación con esta cuestión, que, desde logo, non é este.

Ao non se producir mais intervencións, o **Sr. Presidente** someteu a proposta a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 10 (Grupo Municipal do Partido Popular).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 7 (Grupo Municipal do PS de G-PSOE, Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e Grupo Municipal Mixto).

En consecuencia, pola **maioría absoluta dos seus membros de dereito, o Pleno da Corporación adoptou o seguinte acordo:**

“1º) Determinar que a xestión do SAF do Concello de Sanxenxo se preste mediante concesión de servizos, para o que se tramitará o expediente de contratación que proceda polo Pleno do Concello de Sanxenxo, a quen lle corresponde competencialmente, tal e como se sinala no informe de Secretaría de data 26 de maio de 2020, manténdose a forma actual de xestión directa ata a sinatura do correspondente contrato de concesión de servizos.



2º) Aos efectos sinalados no art. 284.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, o réxime xurídico da Concesión do SAF do Concello de Sanxenxo queda definido, á parte do sinalado na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás Persoas en situación de Dependencia, pola extensa regulación normativa da Xunta de Galicia, entre a que destaca a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia, o Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os Servizos Sociais Comunitarios e o seu Financiamento, o Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a Carteira de Servizos Sociais para a Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás Persoas en Situación de Dependencia e se determina o Sistema de Participación das Persoas Usuarias no Financiamento do seu Custo e, finalmente, a Orde do 22 de Xaneiro de 2009 da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da Xunta de Galicia, pola que se regula o Servizo de Axuda no Fogar. Desde o punto de vista municipal a regulación do servizo realízase a través da “Ordenanza Municipal do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Sanxenxo”, que entrou en vigor coa súa redacción actual o 1 de maio de 2014. Finalmente e, desde o referente ao ámbito contractual, o réxime xurídico comprende a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, o Real Decreto 1098/01, do 12 de outubro, polo que se aprobou o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, o Real Decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolveu parcialmente a Lei de Contratos do Sector Público e o Decreto do 17 de xuño de 1.955, polo que se aprobou o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.”-----

Sendo as trece horas e trinta e tres minutos, o **Sr. Presidente** dá por finalizada a sesión, de todo o que eu, como **Secretario, DOU FE**:

